



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

1

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 25 DE ABRIL DE 2014

#### ASISTENTES:

#### PRESIDENTE

D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

#### CONCELLEIROS/AS

D. PEDRO J. FERNÁNDEZ MANIN (PP)  
Dª MERCEDES JOSEFINA GONZÁLEZ ALONSO (PP)  
Dª ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE (PS deG-PSOE)  
Dª ANA ISABEL VILLARINO ALONSO (PSdeG-PSOE)  
D ENRIQUE COTARELO GARCÍA (PSdeG-PSOE)  
D RAMÓN SIXTO LEGASPI (PSdeG-PSOE)  
D XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ)  
Dª ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR (UNIFOZ)  
Dª Mª ANGELES VEIGA VARELA (UNIFOZ)  
D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG)

Non asisten os Concelleiros Dª. MARÍA TERESA LÓPEZ  
REGO e D. JOSÉ ÁNGEL PALEO SOTO (PP)

#### SECRETARIA

Dª. ANA BARREIRO GÓMEZ

No salón de xuntas do concello de Foz, sendo as doce horas do día vinte e cinco de abril de dous mil catorce, réunese, en sesión extraordinaria e urxente, e primeira convocatoria, o concello pleno, baixo a presidencia do señor alcalde presidente don Javier Jorge Castiñeira, coa asistencia dos señores/as concelleiros/as relacionados ao marxe. Actúa de secretaria, a habilitada estatal, Ana Barreiro Gómez.-

\*\*\*\*\*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida celebración da sesión (once dos trece concelleiros/as que de dereito compoñen a corporación), o señor alcalde propón á aprobación por maioría absoluta da urxencia do asunto a tratar, sendo aprobado éste por unanimidade.

A continuación polo señor ALCALDE pasa a leer o seguinte comunicado:

#### COMUNICADO

REUNIDA DE URXENCIA A CORPORACIÓN MUNICIPAL DE FOZ , CON MOTIVO DO TRISTE SUCESO ACAECIDO NESTE CONCELLO O DÍA DE ONTE, NO QUE RESULTARON FALECIDOS DOUS VECIÑOS DE FOZ PRESUNTAMENTE POR UN ACTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO, ACORDA:

EN PRIMEIRO LUGAR TRASLADAR AS NOSAS CONDOLENCIAS Á FAMILIA, PRINCIPAL MENTE AOS FILLOS, FILLOS POLÍTICOS E NETOS DO MATRIMONIO, E Á FAMILIA DE HELENA E DEMAIS FAMILIARES, QUE SEGURAMENTE ESTEAN PASANDO UNS DOS MOMENTOS MAIS DIFICILES DA SÚA VIDA.

A CONSTERNACIÓN DA FAMILIA ÚNESE Á PROPIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL E A DE TODOS OS VECIÑOS E VECIÑAS DE FOZ. ERA UN MATRIMONIO MOI COÑECIDO E QUERIDO NA LOCALIDADE, DENDE QUE A FINAIS DOS ANOS 70 SE TRALADARON A VIVIR Á NOSA VILA.

NUNCA SE NOS PUIDO PASAR POLA CABEZA DE NINGUEN DE NÓS QUE SE PUIDERA DESENCADENAR ESTE TRÁXICO FINAL, QUE PARECE SER CON TODA PROBABILIDADE UN CASO DE VIOLENCIA DE XENERO.

EN SEGUNDO LUGAR, RESPETANDO A INVESTIGACIÓN POLICIAL, AO TRATARSE PRESUTAMENTE DE UN ACTO DE VIOLENCIA MACHISTA, QUEREMOS DENDE A CORPORACIÓN MUNICIPAL DE FOZ E EN NOME DE TODOS OS VECIÑOS E VECIÑAS DESTA LOCALIDADE, MOSTRAR A NOSA MÁXIMA REPULSA ANTE CALQUER ACTO DE VIOLENCIA DE TODO TIPO, PRINCIPALMENTE OS QUE ATAÑEN Á VIOLENCIA DE XÉNERO E NOS QUE MOITAS MULLERES ESTAN SENDO VÍCTIMAS E SUFRINDO UN TIPO DE VIOLENCIA QUE POR DESGRACIA SE ESTÁ MANIFESTANDO CON DEMASIADA FRECUENCIA NA NOSA SOCIEDADE.

DENDE A CORPORACIÓN MUNICIPAL QUEREMOS QUE TODOS AQUELES VECIÑOS E VECIÑAS QUE PODAN TER SUFRIDO, SUFRAN OU TEÑAN COÑECEMENTO DE QUE ALGÚN FAMILIAR, AMIGO OU VECIÑO CERCAÑO PODA ESTAR PASANDO POR ALGÚN TIPO DE MAL TRATO, O DENUNCIEN OU SE POÑAN EN CONTACTO COAS DIFERENTES ADMINISTRACIÓNS A DISPOSICIÓN.

SERVICIOS SOCIAIS DO CONCELLO, SERVICIOS SOCIAIS DA XUNTA DE GALICIA (CONSELLERÍA DE BENESTAR), DEPUTACIÓN E DIFERENTES ASOCIACIÓNS E ORGANIZACIÓNS EN DEFENSA DAS MULLERES, OU MESMO DIRECTAMENTE NAS DEPENDENCIAS POLICIAIS. ASIMESMO FACER PÚBLICA A EXISTENCIA DE MEDIOS TELEFÓNICOS COMO É 016, NO QUE SE ATENDEN CON TOTAL DISCRECCIÓN TODO TIPO DE DUDAS NESTE SENTIDO.

PARA REMATAR, A CORPORACIÓN MUNICIPAL DECRETA GARDAR TRES DIAS DE LOITO OFICIAL QUE EMPEZARÁN O DÍA DE HOXE E REMATARAN O DOMINGO DÍA 27 DE ABRIL.-

Concluído o anterior, ás doce horas e vinte minutos, non sendo outro o obxecto da convocatoria, o señor alcalde titular levanta a sesión no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta para constancia, de todo o que, como secretaria, certifico.-

A secretaria,

Ana Barreiro Gómez

O alcalde,

Javier Jorge Castiñeira